



Noticias colexiais 2018

- **O 17 de decembro o Decano asistiu á** reunión del Comité Consultivo da Facultade de Bioloxía de la USC [17/12/18]
- **II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia.** O Comité de Evaluación da Convocatoria 2018 do Programa pleamar decidiu que o proxecto presentado polo COBGA fora un dos 44 seleccionados. O seu título é II Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia. Desenvolverase ao longo de 2019 en Ons e Sálvora. O proxecto é continuación do desenvolvido neste ano 2018 xunto co Parque Nacional e ten como obxectivo traballar cara a conservación da biodiversidade desde a sostibilidade. Esta sostibilidade do proxecto pasa por integrar a conservación da biodiversidade e os recursos naturais na poboación local, realizar un proxecto coa maior participación posible sobre todo do sector pesqueiro de modo individual ou a través dos GALP e dos sectores implicados na xeración de lixo mariño. Tamén se traballará con investigadores das universidades galegas, centros de investigación, entidades do terceiro sector, centros de formación profesional, voluntarios, empresas de integración social, asociacións... Nesta ocasión inclúese como socio ao Instituto Español de Oceanografía. Parabéns á nosa compañeira Saleta González pola calidade da proposta. [14/12/18]
- **Reunión co Secretario General de Universidades no Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades,** na que participou o vocal de educación na que se falou da regulación da verificación dos títulos universitarios oficiais de grao que habiliten, entre outros, para o exercicio da profesión de Biólogo mediante a publicación da correspondente Orde, coa finalidade de mellorar o noso recoñecemento profesional [13/12/18]
- **Xornada informativa celebrada no centro de visitantes do Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia** sobre a problemática da contaminación por plásticos nos mares e océanos do planeta: "Sentido común no mar: o plástico un crebacabezas". "Red para la Recuperación de los Ecosistemas Marinos en el PNMTIAG", proxecto do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e do propio Parque Nacional, que conta ademais coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio para la Transición Ecológica, a través do programa Pleamar do Fondo Europeo



Marítimo e de Pesca (FEMP), dentro dunha iniciativa enmarcada no proxecto LIFE IP INTEMARES "Gestión integrada, innovadora, y participativa de la Red Natura 2000 en el medio marino español". #FEMP #Pleamar #Biodiversidad #INTEMARES #IEOVigo #Ecoembes #CEMMA #Xunta de Galicia #MexillóndeGalicia [30/11/18]



- **O 23 de novembro o Decano asistiu en Vigo ao Almorzo informativo do "FÓRUM EUROPA. Tribuna Galicia"** co Conselleiro D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administraciones Públicas e Xusticia da Xunta de Galicia. [23/11/18]

- **A SX Técnica da Consellería de Medio Ambiente contesta as nosas alegacións ao anteproxecto da Lei de patrimonio natural de Galicia presentadas en marzo do 2017..** Resultado: 38 desestimadas, 7 estimadas, 4 Estimadas parcialmente. [13/11/18]

- **O pasado 20 outubro, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e o Parque Nacional**



Marítimo Terrestre Illas Atlánticas de Galicia organizaron unha actividade de limpeza de lixos mariños na costa rocosa e fondos do arquipélago de Sálvora. Para iso, contan coa participación de voluntarios e voluntarias do Club Kayak de Mar Bueu e da Federación Galega de Actividades Subacuáticas. Esta actividade enmárcase dentro do proxecto Rede para a recuperación

de ecosistemas do PNMTIAG . [20/10/18]

- **Plan reitor de uso e xestión dos parques naturais Enciña da Lastra, O Invernadeiro e Corrubedo.** A Dirección Xeral de Patrimonio Natural someteu a información pública (DOG do 26/IX/18) os proxectos de decreto polos que se aproban ditos PRUX. Envíanse alegacións, fundamentalmente referidas aos aspectos edafolóxicos dos plans. En xeral, "boa parte do contido dos tres PRUXs carece dun rigor e profundidade de análise mínimo esixible a un documento dun área tan concreta, específica, e espacialmente limitada como é un Parque Natural." [18/10/18]

- **A XII Olimpiada Iberoamericana de Bioloxía (OIAB 2018),** tivo lugar na cidade de Loja



(Ecuador), os pasados días 9 ao 15 de setembro. Nela participou o alumno Pedro Vieites Pérez, do IES Plurilingue Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, que obtivo unha medalla de

bronze. O equipo español acadou un excelente resultado, xa que conseguiu dúas medallas de ouro e dúas de bronze, a saber; Iker Puerto (Andalucía) e Laura Hidalgo (Castela e León) senllas medallas de ouro e Eduardo Martínez

(Madrid) que conseguiu a outra medalla de bronze. [16/09/18]



- **Xornada de limpeza dos areais na Illa de Sálvora** en compañía dos pescadores da Confraría de Carreira e Aguiño e os seus familiares, ademais doutros colaboradores do proxecto como son a Asociación Amigos, os investigadores da Universidade da Coruña, do Centro Tecnolóxico del Mar (CETMAR), do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) e varios colexiados do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia ademais do propio personal do Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia. Realizouse a limpeza de 4 areais e os resultados foron a recolleita de 147 kg de lixo mariño predominantemente plásticos e envases e tamén varios voluminosos e restos de diversa tipoloxía. "Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia", coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio para la Transición Ecológica a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP. "Esta iniciativa enmárcase no proxecto LIFE IP INTEMARES "Gestión integrada, innovadora, y participativa de la Red Natura 2000 en el medio marino español", que coordina o Ministerio para la Transición Ecológica a través da Fundación Biodiversidad" #FEMP #Pleamar #Biodiversidad #INTEMARES. [\[Ver vídeo\]](#) [18/08/18]

- **O pasado 22 de xuño celebramos a Xornada informativa de Boas Prácticas e Sistema de Alerta Temperá para a detección de Lixos Mariños** , na Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño como parte das actuacións da "Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMTIAG", proxecto promovido polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e polo Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia, que conta coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio para la



Transición Ecológica, a través do programa Pleamar do Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP), dentro dunha iniciativa enmarcada dentro do proxecto LIFE IP INTEMARES "Gestión integrada, innovadora y participativa de la Red natura 2000 en el medio marino español". #FEMP #Pleamar #Biodiversidad #INTEMARES [22/06/18]

- **O Decano D. Pelayo Míguez** asistiu ao Acto de Graduación dos alumnos da Facultade de Biología da USC, promoción 2014-2018. [16/06/18]





- **Interesantísima e moi produtiva a xornada organizada pola Plataforma Tecnológica para la Protección de la Costa y del Medio Marino** na mañá de hoxe en Vigo sobre os retos tecnolóxicos para a localización, seguimento e retirada de basuras marinñas na que podimos expoñer a nosa experiencia coa "Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMTIAG", proxecto promovido polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e polo Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia, que conta coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, a través do programa Pleamar do Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP), dentro dunha iniciativa enmarcada dentro do proxecto LIFE IP INTEMARES "Gestión integrada, innovadora y participativa de la Red natura 2000 en el medio marino español". #FEMP #Pleamar #Biodiversidad #INTEMARES #basurasmarinas #basuramarina [13/06/18]



- **El 29 de mayo por la mañana, y enmarcado dentro de la ronda de reuniones multisectoriales que estamos llevando a cabo en el proyecto "Red para la conservación de los ecosistemas marinos en el Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia", visitamos las instalaciones del Consello Regulador del Mexillón de Galicia en Vilagarcía de Arousa**, con el objetivo de buscar sinergias con el sector y dar a conocer al personal del centro, representado por Ángeles Longa, directora del departamento de I+D+i, el protocolo de Buenas Prácticas para evitar la llegada de basuras al mar que estamos elaborando dentro del proyecto, en una reunión en la que además de representantes del Colexio Oficial de Biólogos de Galicia asistió también Jesús Gago, experto en basuras marinas del Instituto Español de Oceanografía - IEO. [29/05/18]



- **O pasado mércores día 16 de maio celebramos o Día do Biólogo**, foi de novo unha reunión para reencontrarnos, coñecernos, compartir impresións e experiencias dentro e fóra da profesión. Ademais, foi o momento para agasallar aos colexiados que levan 25 anos ou máis no Colexio. O acto incluiu os nomeamentos de Biólogo, Empresa, Institución do Ano e Membro de Honra.





- Bióloga do Ano: D^a María Alicia Carolina Estévez Toranzo
 - Empresa/Institución do ano:
 - Na modalidade de gran empresa: Estrella Galicia.
 - Na modalidade de Media/pequeña institución: Fundación Paideia-Galiza
 - Membro de Honra: D. Emiliano Aguirre Enríquez.
- [16/05/18]

- **El 15 de mayo se celebró una Jornada de voluntariado en Sálvora para la recogida y**



caracterización de basuras marinas en los principales arenales del archipiélago. En ella participaron los estudiantes y profesores del Icemar Curso Superior y de la Escuela de Capataces de Lourizán, así como a todos los integrantes de la Asociación Amicos y representantes de la Asociación Española de Basuras Marinas. Esta jornada se enmarca dentro de las acciones programadas

como parte de la "Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMTIAG", un proyecto promovido por el Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia y el Colexio Oficial de Biólogos de Galicia actuando como socio, que cuenta con la colaboración de la Fundación Biodiversidad, del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, a través del programa Pleamar del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP), dentro de una iniciativa enmarcada dentro del proyecto LIFE IP INTERMARES "Gestión integrada, innovadora y participativa de la Red natura 2000 en el medio marino español". #FEMP #Pleamar #Biodiversidad #INTERMARES. Os mostramos hoy [un pequeño resumen de la jornada dedicada a la retirada de basuras marinas](#) [15/05/18]

•

- **El pasado 11 de mayo se celebró en el Centro de Capacitación Forestal de Lourizán una jornada formativa a voluntarios participantes en la campaña de limpieza de**

basuras marinas en las playas del archipiélago de Sálvora con motivo del proyecto "Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia", actividad que realizan este año el Colexio Oficial de Biólogos de Galicia y el Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia, y que cuenta con la colaboración de la Fundación Biodiversidad, del



del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, a través del programa Pleamar del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP), una iniciativa



enmarcada dentro del proyecto LIFE IP INTERMARES "Gestión integrada, innovadora y participativa de la Red natura 2000 en el medio marino español". Los futuros capataces se mostraron sumamente interesados en todos los temas abordados durante la jornada matinal, cuyos ejes fundamentales versaron alrededor de una problemática tan actual como la de las basuras marinas, con intervenciones de verdaderos expertos en la materia como Jesús Gago del Instituto Español de Oceanografía - IEO o Juan Pablo Pérez, de la Asociación Española de Basuras Marinas. Todo ello sin perder de vista la perspectiva de la igualdad en actividades de voluntariado. La jornada se verá complementada la próxima semana en la propia isla de Sálvora, donde en la jornada del martes se pondrán en práctica los conocimientos adquiridos a través de una jornada de recogida y caracterización de basuras marinas en los arenales de la citada isla del Parque Nacional, una jornada en la que está también prevista la participación de otros equipos de voluntarios como pueden ser la Asociación Amicos o un grupo de voluntarios del Icemar Curso Superior [11/05/18]

•

- **Reunión de trabajo el pasado viernes 20 de abril en el Centro de Visitantes del**



PNMTIAG con representantes del mencionado Parque Nacional, Asnauga, Club Kayak de Mar Bueu, Asociación Española de Basuras Marinas y WWF España para trabajar en la definición de una Relación de Buenas Prácticas para evitar la generación de basuras marinas. [20/04/18]

- **Rematou este domingo 15 de abril en Badajoz a Fase Nacional da Olimpiada Española de Biología.** Galicia obtivo nesta ocasión un excelente resultado, xa que Pedro Vieites Pérez, do IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago foi un dos gañadores e polo tanto representará a España na XII Olimpiada Iberoamericana de Biología, a celebrar en Loja (Ecuador) entre o 9 e o 15 de setembro deste ano (na foto no centro). [17/04/18]





- **El viernes 13 de abril tuvo lugar en la sede de la Cofradía de Pescadores de Carreira e Aguiño la primera reunión de la "Red de trabajo multidisciplinar para la recuperación del ecosistema marino" del archipiélago de Sálvora.** Durante jornada de trabajo a la que acudieron representantes de la Cofradía de pescadores de Carreira e Aguiño, Portos de Galicia, FEGAS, IEO, Consellería do Mar, Colexio oficial de Biólogos de Galicia y PNMTIAG se abordaron interesantes temas como la presentación del "Sistema de alerta temprana para la detección de basuras marinas". Con este sistema, se pretende localizar los principales puntos de acumulación de basuras marinas en el archipiélago de Sálvora y para ello, colaborarán activamente en la toma de datos tanto los propios pescadores del lugar como los buceadores federados con el fin de facilitar la recogida de dichas basuras en las jornadas planificadas para los siguientes meses de este año 2018. También, se definieron otra serie de actividades encaminadas a minimizar la generación de basuras en el entorno del archipiélago del Parque Nacional y los contenidos del plan de acción a realizar en el marco del proyecto "Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia". Este proyecto que están llevando a cabo este año el Colexio Oficial de Biólogos de Galicia y el mencionado Parque Nacional, cuenta con la colaboración de la Fundación Biodiversidad, del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, a través del programa Pleamar del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP). Además, esta es una iniciativa que se enmarca dentro del proyecto LIFE IP INTERMARES "Gestión integrada, innovadora y participativa de la Red natura 2000 en el medio marino español". [13/04/18]



- **A semana pasada visitamos a sede do INTECMAR no peirado de Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa) e a sede da Confraría de pescadores de Carreira e Aguiño** para traballar no deseño do Sistema de Alerta Temperá para a localización de lixos nos fondos mariños do arquipélago de Sálvora. "Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia" é o nome do proxecto que este ano estamos a levar a cabo o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e o Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia e que conta coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente de España de España a través del Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP. Esta iniciativa enmárcase no proxecto LIFE IP INTERMARES Gestión integrada, innovadora, y participativa de la Red Natura 2000 en el medio marino





español , que coordina o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente a través da Fundación Biodiversidad. [27/03/18]

- **O pasado 17 de febrero pola mañá reuniuse na sede do PNMTIAG a Mesa de traballo do sector Técnico-Científico** no marco do proxecto "Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia", desenvolvido polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e o Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia en colaboración coa Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente de España a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP.



Unha mañá moi productiva na que os representantes das distintas entidades alí representadas (IEO Vigo - Investigación Marina y Divulgación, Centro Tecnológico del Mar-Fundación Tecmar, Intecmar, Universidad de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Asociación Española de Basuras Marinas) compartiron opinións e experiencias para traballar deste xeito na elaboración dun DAFO sobre a problemática dos lixos mariños. E pola tarde tivo lugar na sede da Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño a reunión da Mesa de traballo do sector Pesqueiro no marco do proxecto "Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT de Galicia".



Foron moitas e moi positivas as opinións dos presentes sobre o proxecto desenvolvido polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e o Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia en colaboración coa Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente de España a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP sobre a problemática dos lixos mariños no ámbito do Parque Nacional.

Ademáis dos representantes da propia confraría, tamén participaron representantes da Agrupación de mariscadores, da FEGAS Federación Gallega de Actividades Subacuáticas, do Porto de Aguiño, da Xefatura Comarcal de Ribeira da Consellería do Mar, do Galp Ría De Arousa e WWF España. [12/01/18]

- **Protección do acivro (*Ilex aquifolium* L.)** O Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro que regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental inclúe unha disposición pola que se derroga a Orde do 10 de decembro de 1984, sobre protección do acivro no



territorio de Galicia. Envíase escrito á Conselleira de Medio Ambiente interesando os informes, estudos ou razóns que a levaron a publicar dita disposición derogatoria.

[12/02/18]

- **XIII Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía.** Rematou na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía e nela participaron 105 estudantes de 31 centros de secundaria de Galicia.



Resultaron gañadores:

- Denis Arribas Blanco, do IES do Castro, de Vigo (na foto, no centro)
- Javier Pérez Martínez, do IES Otero Pedrayo, de Ourense (á esquerda)
- Pedro Vieites Pérez, do IES Plurilingüe Rosalía de Castro, de Santiago (á dereita)

que representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en Badajoz no mes de abril. [12/01/18]

- **Proxecto Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia .** O Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia D. José Pelayo Míguez Baños e o director do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia D. José Antonio Fernández Bouzas presentaron o proxecto Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia que conta con el apoio de la Fundación Biodiversidad, del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente a través del Programa pleamar del FEMP . [11/01/18]



Noticias colexiais 2017

- **Reunímonos co representante da Asociación de Estudiantes de Biología de España**

para falar de posibles vías de colaboración entre as dúas institucións [22/12/17]





- **Asinamos un Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** co que se compromete a apoiar a Olimpíada de Bioloxía, organizada pola OEB (Olimpiada Española de Biología) e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Entre outros compromisos está o de recoñecer ao profesorado participante con 15 horas de formación (25 horas para os asistentes a fase nacional). [30/10/17]



- **O Decano do Colexio** asistiu nestes días pasados aos Actos de Graduación das V Promocións dos Graos de Bioloxía das Universidades Galegas. Actos presididos polos respectivos Reitores. [26/06/17]



- **Grao de Biotecnoloxía Universidade de Santiago.** Envíanse ao Conselleiro de Educación e ao Servizo de Programación Académica da USC as alegacións que formula o COBGA. Basicamente, os seus obxectivos, competencias e contidos solápanse meridianamente cos outros estudos de Grao en Bioloxía e Máster en Biotecnoloxía, plenamente consolidados, que se imparten no sistema universitario de Galicia (SUG). Ao entender do Colexio, a competencia profesional no ámbito da biotecnoloxía xa se pode adquirir no SUG cos graos e máster existentes, concluíndo que o que se pretende é formar a un biólogo con outro nome ou un biólogo especialista en biotecnoloxía a nivel de grao (MECES 2), algo que leva á confusión e ambigüidade profesional: a especialidade adquirese nos másters (MECES 3). [23/05/17]
- **Microplásticos.** Remítense aos grupos parlamentarios da Cámara galega e tamén ás conselleiras do Mar e do Medio Rural as nosas reivindicacións no sentido de apoiar a adopción de medidas legais para prohibir o seu uso en produtos de uso humano (exfoliantes, cosméticos e dentífricos, principalmente): os microplásticos están acompañados de aditivos e sustancias químicas contaminantes ou tóxicas de xeito que o seu impacto ambiental é grande porque debido á súa composición química e ao seu tamaño son difíciles de eliminar das augas residuais. Exprésase a aposta do COBGA polas alternativas naturais non contaminantes e biodegradables como as partículas



obtidas a partir de ósos de melocotón, améndoas, aceitunas, noces, cirolas... e solicítase a ditas instancias que apoien tamén a prohibición do seu uso. [23/05/17]

- **Celebración do Día do Biólogo.** O Colexio celebrou de novo o martes pasado día 16 de maio o Día do Biólogo no Pazo de Adrán (Calo-Teo). Á cita asistiron 15 dos colexiados que suman 25 anos ininterrompidos no Colexio, que foron obxecto de recoñecemento pola súa pertencencia a el, por medio de insignia e diploma conmemorativo. En nome dos homenaxeados pronunciou unhas palabras, Andrés Pilas Pérez, director de AMBICAL



Proyectos. Este ano os colexiados distinguiron como Biólogo do Ano a D. Fernando Cobo Gradín, Profesor titular de Zooloxía na Universidade de Santiago e fundador e Director da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, da propia USC, pola súa tripla e xa recoñecida vocación de docencia, investigación e divulgación do coñecemento sobre ecosistemas de augas continentais Así mesmo, foi elixida como Empresa do Ano, La Voz de Galicia, polo seu

programa Voz Natura, dado o seu relevante papel de divulgación ambiental entre alumnos e profesores, fomentando actitudes cidadáns positivas cara o medio ambiente. Recolleu o galardón D. José Luis Vilela Conde, Director do xornal. Finalmente, entregouse o título de Membro de Honra a D. Emilio Rolán Mosquera, Doutor en Bioloxía e experto mundial en taxonomía de moluscos mariños. É un dos malacólogos máis citado do mundo, posuídor dunha excelente colección de cunchas (25.000 lotes catalogados), moitos deles doados ao Museo de Historia Natural da USC. Neste caso, a distinción foi recollida polo seu neto Carlos, ante a ausencia do interesado por motivos de saúde. O Decano do COBGA, na súa alocución final, falou do aliñamento entre o Consejo General de COBs e a Conferencia de Decanos de Bioloxía en defensa da profesión, co acordo de planificar accións conxuntas no desenvolvemento de másters profesionalizantes (en bioloxía sanitaria e medioambiental), para conseguir a declaración da profesión de biólogo como profesión regulada fronte a UE, así como a certificación ENAC dos mesmos, como os retos máis importantes para o futuro máis próximo.

No vínculo <https://goo.gl/photos/tTGpvcqC6pqm82t99> pódese atopar unha selección fotográfica coas imaxes da xornada. [16/05/17]

- **Declaración do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** en relación co Decreto que regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración Xeral e as entidades integrantes do sector público de Galicia. [\[Máis información\]](#) [26/04/17]



- **Rematada en Pamplona, onde se celebrou desde o venres pasado, a XII Edición da Fase Nacional da Olimpiada de Bioloxía**, a Delegación de Galicia obtivo un magnífico resultado, xa que Javier Miñones, do Colexio Peleteiro de Santiago, obtivo una das Mencions de Honra (na foto, á esquerda). Parabéns a todos os gañadores! Os



Primeiros premios (4) representarán a España na XXVIII Olimpiada Internacional de Bioloxía (IBO 2017), que se celebrará na cidade de Coventry (Gran Bretaña) do 23 ao 30 de xullo de 2017, os Segundos Premios (4) representarán a España na XI Olimpiada Iberoamericana de Bioloxía (OIAB 2017), que se celebrará en Portugal, na cidade de Ponta Delgada, illa de S. Miguel, Archipiélago das Azores, entre

o 11 e o 15 de setembro de 2017. [03/04/17]

Rematou na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpiada de Bioloxía. Esta foi xa a duodécima edición do certame e nela participaron 115 estudantes de 35 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado pola Sra. Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC, Sra. D^a M^a Dolores Álvarez Pérez; os Sres. Decanos das Facultades de Bioloxía galegas (USC, D. Antonio Segura Iglesias; UVIGO, D. Jesús Míguez Miramontes; UDC, Vicedecano de Organización Académica D. Andrés Martínez Lage), Sr. Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez Baños e o Delegado Institucional do COBGA na Olimpiada Española de Bioloxía, Pablo Fernandes.



Resultaron

gañadores:

- Uriela García Rico, do IES de Melide
 - Javier Miñones Ginarte, do Colexio M. Peleteiro, de Santiago (na foto, á esquerda)
 - Iago Riveiro Rodríguez, do IES Rosalía de Castro, de Santiago
- que representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en Pamplona no mes de marzo. [13/01/17]



Noticias colexiais 2016

- **A nosa compañeira Marisa Castro**, entre as 61 Mulleres que escriben no especial do Día de Galicia de El Correo Gallego (páx. 62). [\[Máis información\]](#) [26/07/16]
- **A gañadora galega da Olimpíada de Bioloxía Tania Penas**, do IES Pontepedriña, fixo na Universidade de Navarra en Pamplona a semana de preparación das olimpíadas internacionais 2016 que terán lugar en Hanoi (Vietnam), do 17 ao 24 de xullo. [\[Máis información\]](#) [07/07/16]
- **Roberto Rilo**, do IES Monelos, está a realizar estes días a estancia nun centro do CSIC (o Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo) como premio a súa participación na Olimpíada Nacional. [07/07/16]

- **O Colexio de Biólogos de Galicia celebrou o Día do Biólogo**. Foron homenaxeados os colexiados con 25 anos de antigüidade.



Ademais procedeuse aos nomeamentos de **Biólogo e Empresa do Ano**. En nome dos homenaxeados pronunciou unhas palabras, D^a M^a Isabel Rodríguez-Moldes Rey, Vicerreitora de Investigación da USC, bióloga. D. David Posada González, Catedrático de Xenética da Universidade de Vigo, recolleu placa e diploma como **Biólogo do Ano** de mans do Decano do COBGA,

D. José Pelayo Míguez Baños e D^a María Monteagudo, responsable do Departamento de Calidade de Hifas da Terra, S. L., recolleu o galardón de **Empresa do Ano**. [20/05/16]

- **Celebrouse a Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia**, coa lectura da Acta da Xunta Xeral anterior polo Decano, D. Pelayo Míguez, posteriormente o Tesoureiro D. Fernando García presentou os datos económicos do 2015 e o presuposto do 2016. O Decano de repaso aos demais puntos da Orde do Día. [28/04/16]





- **Celebrouse no Salón de Actos Facultade de Ciencias Universidade da Coruña a Xornada formativa sobre as actividades profesionais dos biólogos**, na que interviron



O Vicedecano da Facultade de Ciencias da UDC D. Andrés Martínez; O Decano Colexio Oficial de Biólogos de Galicia D. José Pelayo Míguez, e os colexiados D. David Cartelle Socio-Director Troposfera Soluciones Sostenibles para el Medio Ambiente, D. Xacobo Raul de Toro, Profesor de Secundaria do IES Monelos e D. David Velasco F.E. de Microbioloxía e Parasitoloxía, Área

de X.I. A Coruña. Asistiron 30 alumnos/as. [19/04/16]

- **Se clausura en la sede de Afundación en Vigo la XI Edición de la Olimpiada Española de Biología** Presidieron el acto el Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación



Universitaria, D. Román Rodríguez, el Rector de la Universidad de Vigo, D. Salustiano Mato, el Decano de la Facultad de Biología, D. Jesús M. Míguez, el Decano del Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez, el Jefe de Sección del Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, D. Juan Mesonero, la Presidenta de la Olimpiada Española de

Biología, D^a María José Lorente, el Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica de la Consellería do Mar, D. Juan Carlos Maneiro, y el Concejal de Hacienda del Concello de Vigo, D. Jaime Aneiros, en representación de su Alcalde. La participación gallega ha obtenido un óptimo resultado, ya que Tania Penas Iglesias, del IES Pontepedriña, de Santiago de Compostela, consiguió la Medalla de Oro, lo que supone que podría representar a España en la fase internacional de la Olimpiada de Biología, a celebrar en Hanoi (Vietnam). Luego de la entrega de diplomas a los participantes y de los premios a los ocho primeros clasificados, recogió el testigo para la organización de la próxima Olimpiada Nacional el Vicedecano de Profesorado, Investigación y Posgrado de la Facultad de Ciencias de la Universidad de Navarra, D. Rafael Miranda. Clausuró la sesión el rector de la universidad viguesa [10/04/16]



- **O Decano do Colexio D. Pelayo Míguez participou como Secretario da Unión Profesional de Galicia** na presentación da Guía de Peritos Xudiciais de Galicia 2016, na que tamen asistiron o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda; o presidente do TSXG, Miguel Ángel Cadenas; o fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes; e o presidente de Unión Profesional de Galicia; Antonio Macho Senra. Asistiu tamen en representación do Colexio Mercedes Casal, Vogal. [16/02/16]



- **Os Colexios Profesionais de Galicia transmiten á Xunta a aposta pola colexiación**



obligatoria, o compromiso coa mediación e a loita contra o intrusismo. O Vicepresidente da Xunta mantivo o 8 de febreiro no Hotel Porta do Camiño en Santiago de Compostela un almorzo coloquio con membros de Unión Profesional de Galicia, unha asociación que representa a 44 colexios profesionais da comunidade autónoma, a unha treintena de titulacións universitarias e máis de

65.000 profesionais colexiados. O Presidente de Unión Profesional de Galicia e tamén decano do Colexio Oficial de Químicos de Galicia, Antonio Macho, e o Secretario Xeral e decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, Pelayo Míguez, foron os encargados de transmitirlle ao Vicepresidente da Xunta as inquietudes dos colexios profesionais de Galicia. Tamén acudiron e participaron representantes dun total de 25 colexios profesionais. O vicepresidente da Xunta admite que os colexios profesionais de Galicia "son un instrumento válido e imprescindible" e asegura que a través deles pode desenvolverse unha posible "mediación de oficio" que sirva para resolver conflitos e evite a vía xudicial. [\[Ver Nova\]](#) [08/02/16]

- **Rematou na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía.**



Esta foi xa a undécima edición do certame e nela participaron 94 estudantes de 24 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado polo reitor da Universidade da Coruña, D. Julio Abalde, o decano da Facultade de Bioloxía de Santiago, D. Antonio Segura, o Decano da Facultade de Bioloxía de Vigo, D. Jesús Míguez, o decano do



Colexio de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez, o Director Xeral de Educación, D. Manuel Corredoira e a Inspectora de Educación, D^a Berta Estrada.

Resultaron

gañadores:

- Roberto Rilo Antelo, do IES Monelos, de A Coruña
 - Marta Míguez Bello, do IES Os Rosais II, de Vigo
 - Tania Penas Iglesias, do IES Pontepedriña, de Santiago de Compostela
- que representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en Vigo no mes de abril. [15/01/16]

Noticias colexiais 2015

- **O Colexio, previa consulta á Comisión do Sector Ambiental, adheriuse ao "Manifiesto en Defensa de las Directivas de Conservación de la Naturaleza"**, promovido por Ecologistas en Acción, SEO/BirdLife e WWF España contra os plans da UE de modificar as directivas de aves e de hábitats actualmente vixentes que teñen permitido a protección da natureza e o cumprimento dos obxectivos de conservación da biodiversidade na Unión Europea. [\[Manifiesto\]](#) [\[Carta Ministra\]](#) [18/11/15]

- **O luns 19 de outubro mantivemos unha reunión co Alcalde de Vigo D. Abel Caballero**, para presentarlle a Olimpíada Nacional de Bioloxía, asistiron:



- D. Jesús M. Míguez, Decano de la Facultad de Biología de la Universidad de Vigo
- D. José Pelayo Míguez, Decano del Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
- D. Pedro Nozal, Delegado de la Olimpíada Española de Biología
- D. Pablo Fernandes, Delegado do

COBGA na Olimpíada Española de Biología

O alcalde comprometeu o apoio do goberno local á organización do evento, tanto á Facultade de Bioloxía como ao Colexio Oficial de Biólogos de Galicia [19/10/15]

- **O Pleno do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos (CGCOB)** celebrado en Madrid o pasado 11 de xuño, acordou o nomeamento do Decano do COBGA, D. José Pelayo Míguez Baños como o seu representante no Pleno do Consejo Nacional de Especialidades en Ciencias de la Salud, o que supón un respaldo á importancia do COBGA na organización colexial dos biólogos de España. [04/08/15]
- **Fundación Biodiversidad** O 14 de xullo presentouse a documentación referida ao proxecto Aportes minerales y vegetales en colmenas de abejas (Apis mellifera): influencia en su desarrollo y salubridad (APIBIOGAL), á convocatoria de axudas da



Fundación para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, marina e litoral, o cambio climático e a calidade ambiental 2015. Quede constancia do agradecemento do Colexio ao colexiado que ten feito a proposta presentada. [20/07/15]

- **O pasado venres 15 de maio celebramos o Día do Biólogo** Ná cita, foron homenaxeados especialmente aqueles colexiados que levan 25 anos no Colexio, que foron obxecto de recoñecemento pola súa ininterrumpida pertencencia a él. Este ano a distinción de Biólogo do Ano foi para D. Xosé Manoel Romarís, que desenvolveu toda a súa actividade profesional na Administración marítimo-pesqueira e marisqueira



ocupando diversos cargos de responsabilidade, pola súa disposición a favor das reivindicacións do colectivo e a de Empresa do Ano para FEIRACO Sociedade Cooperativa Galega en atención ao seu impulso á gandería, explotación e transformación láctea dunha importante área de Galicia, implicando a moitos gandeiros galegos, apostando pola sustentabilidade e favorecendo a profesión ao admitir alumnos de Bioloxía en prácticas e contar con biólogos en plantilla. Así mesmo, D. Amancio Landín, no seu momento Conselleiro de Pesca, foi nomeado Membro de Honra, por ter contribuído notoriamente ao desenvolvemento da profesión de biólogo, creando a Delegación de Galicia do Colegio Oficial de Biólogos, impulsando a profesión e a colexiación na nosa Comunidade e establecendo as bases do que é o Colexio actual. [\[ver fotos\]](#) [08/05/15]

- **O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, coa colaboración da Xunta de Galicia, organizou o venres día 8 de maio, no Pazo de San Roque de Santiago, unha sesión baixo o título Xornada sobre etiquetado dos produtos pesqueiros:** Información ao consumidor versus trazabilidade. A importancia e actualidade das recentes normas que regulan estes aspectos do sector da comercialización e transformación destes



produtos, tan importante social e economicamente na nosa Comunidade, xustificaron a súa celebración. A xornada estrutúrouse en senllas mesas redondas sobre etiquetado e trazabilidade de produtos frescos e transformados e foi inaugurada polo Sr. Secretario Xeral do Mar, D. Juan Carlos Maneiro. Entre os ponentes figuraron técnicos dos servizos de

inspección e de análise e rexistros da Consellería do Medio Rural e do Mar, de confrarías de pescadores, da Secretaría General de Pesca do Ministerio de Agricultura,



Pesca e Alimentación, do Instituto Galego de Consumo e de ANFACO. Na Xornada participaron 61 persoas, entre eles técnicos da Administración, de Cofrarías de pescadores, do sector transformador e da consultoría alimentaria. [08/05/15]

- **A Xornada de Actividades Profesionais do pasado 24 de abril na Facultade de Ciencias da UDC** contou coa presenza de D. Andrés Martínez, Vicedecano da Facultade, D. José Pelayo Míguez, Decano Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; D^a Iria Martínez, Co-directora del Laboratorio de Fecundación in vitro de la Unidad de Reproducción Asistida La Rosaleda. IRAGA; D. Carlos Rodríguez, Consultor ambiental. Emberiza Medioambiente; D. David Velasco, F.E. de Microbioloxía e Parasitoxía, Área de X.I. (A Coruña) e D. Joaquín Vierna, General Manager AllGenetics [24/04/15]



- **Anteproxecto de decreto do currículo da educación secundaria obigatoria e do bacharelato en Galicia.** O 21 de abril remitíronse as alegacións pertinentes, que se refiren principalmente á asignatura de Bioloxía e Xeoloxía en 1º e 3º de ESO: Os contidos, e en consonancia, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe non gardan relación coa asignación horaria adxudicada. O enfoque metodolóxico proposto polo decreto, baseado na potenciación da aprendizaxe por competencias, debería tender a unha redución a nivel contidos, non á situación contraria. En canto á asignatura de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, solicítase incluíala no bloque de materias troncais en lugar de desprazala á categoría de optativa, o que podería causar a súa desaparición. O noso agradecemento aos compañeiros/as que colaboraron elaborando ditas alegacións. [21/04/15]

- **A Xornada de Actividades Profesionais do pasado 20 de abril** na Facultade de Bioloxía da UVIGO contou coa presenza de D. Jesús Manuel Míguez Miramontes, Decano da Facultade de Bioloxía da UVIGO; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano Colexio Oficial



de Biólogos de Galicia; participaron como poñentes D^a Maruxa Álvarez, Profesora da UVIGO e Promotora de QualDIMUS; D^a Patricia Casal, Consultora de Proxectos en HIDRIA Ciencia, Ambiente y Desarrollo, S.L. e D. Manuel Fco. Otero, Facultativo Especialista en Bioquímica Clínica Povisa. Investigador Rio Hortega. [20/04/15]



- **O Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez** asinou en Vigo un Convenio de colaboración con Inbiogal, representada por D^a. Laura Vázquez, polo que os colexiados gozaran de condicións ventaxosas nos cursos de formación que organicen relacionados cos cultivos celulares. [20/04/15]



- **Antonio Macho Senra, elegido nuevo presidente de Unión Profesional de Galicia.** El nuevo presidente del ente que representa a 44 colegios de Galicia y a más de 65.000 profesionales apuesta por la colegiación obligatoria, la independencia financiera y política de los colegios y el diálogo permanente con las administraciones públicas. La Secretaría General la asumirá José Pelayo Míguez Baños, decano del Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. [\[ver nova\]](#) [17/04/15]



- **O Decano da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo D. Jesús Míguez e o Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez**, recolleron o pasado 15 de marzo o testigo dos organizadores da Fase Nacional da Olimpíada de Bioloxía 2015, que celebrouse en León do 12 ao 15 de marzo. A Fase Nacional do 2016, celebrarase en Vigo, na Facultade de Bioloxía, no mes de marzo. [16/03/15]



- **Hoxe tivemos unha reunión con D. Manuel Corredoira Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**, para presentarlle a organización da Fase Nacional da Olimpíada de Bioloxía 2016, que celebrarase na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. A reunión asistiron D. Jesús Míguez Decano da Facultade, D. Pedro Nozal da OEB e D. Pablo Fernandes en representación do Colexio de Biólogos. O DX comprometeuse a colaborar no posible na organización do evento. [06/02/15]



- **Rematou na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía.** Esta foi xa a



décima edición do certame e nela participaron 102 estudantes de 32 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado polo decano do Colexio de Biólogos de Galicia, Pelayo Míguez, o decano da Facultade de Bioloxía de Vigo, Jesús Míguez, o decano da Facultade de Bioloxía de Santiago, Antonio Segura, o

vice-decano da Facultade de Ciencias da Coruña, Federico Pomar, o Delegado da Olimpíada en Galicia, Pedro Nozal e o Delegado Territorial da Consellería de Educación, César Ares.

Resultaron

gañadores:

- Fernando Díaz Díaz. Colexio Eirís de A Coruña
- Brais Lamas Rodríguez. Colexio Peleteiro de Santiago (á esquerda da foto)
- Nerea Montes Pérez. IES Plurilingüe de Ames (A Coruña)

Eles representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en León no mes de marzo. No acto tamén se anunciou que a Fase Nacional do ano 2016 terá lugar na Facultade de Bioloxía de Vigo. [\[referencias na prensa\]](#) [19/01/15]

Noticias colexiais 2014

- **Unión Profesional de Galicia.** O pasado 12 de decembro en Santiago, aproveitando a celebración do vixésimo aniversario da constitución da asociación, homenaxeou a tres dos seus primeiros directivos, entre eles a nosa compañeira Mercedes Casal, ex decana do Colexio, agradecéndolles o seu esforzo e apoio durante todo este tempo. Parabéns a todos! [Foto: LUPA Comunicación] [\[Ver nova\]](#) [18/12/14]



- **Retos e oportunidades da industria da acuicultura en Galicia.** Con motivo da celebración do Día da Acuicultura o 30 de novembro e dado que a acuicultura mariña representa un importante recurso económico, social e cultural na nosa Comunidade, o Colexio de Biólogos de Galicia e o Instituto de Acuicultura da USC organizaron unha xornada de debate sobre este tema o día 5 de decembro, na Domus (A Coruña). O propósito da iniciativa era que as partes directamente implicadas no seu desenvolvemento compartiran reflexións que permitan sinalar os vieiros polos que debería transitar esta actividade -non exenta de intereses contrapostos- no futuro. Entre os relatores, todos eles con suficiente experiencia, atopábanse científicos, docentes, profesionais do sector e representantes da Administración. O programa



articulouse cunha presentación e dúas mesas redondas con debate posterior. Asistiron 25 interesados no ámbito da acuicultura que contribuíron coas súas preguntas e apreciacións ao éxito da xornada. [\[Programa\]](#) [\[Ver fotografías\]](#) [05/12/14]

- **No Pleno do CGCOB celebrado o pasado 22 de novembro de 2014**, resultou elexida unha nova Comisión Permanente, integrada como Presidente por D. Ángel Fernández Ipar (COBCM), Vicepresidente: D. Eduardo Morán Fagúndez (COBA), Tesorero: D. Jon Ander Etxebarria Garate (COBE) e como Secretario: D. José Ignacio Lacomba Andueza (COBCV). [27/11/14]



- **Reunión cos Decanos das facultades de Galicia (14 de novembro)**. O Decano do Colexio e os vogais Mercedes Casal, Pedro Pablo Gallego e José M. Martínez reuníronse na nosa sede co Decano da Facultade de Bioloxía da USC, D. Antonio Segura, o Decano da Facultade de Bioloxía da Uvigo, D. Jesús M. Míguez Miramontes e o vicedecano da Facultade de Ciencias da UDC, D. Andrés Martínez Lage, para tratar temas de interese

para as facultades e o Colexio en favor da Bioloxía na nosa comunidade. [14/11/14]

- **Hoxe o Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez** asinou un Convenio de colaboración con Art With Future representada por D. Alfonso J. Insua e con Fran Lorenzo representada por D. Francisco Lorenzo, polo que os colexiados gozaran de condicións ventaxosas nos cursos de formación que organicen. [06/10/14]



- **O Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia D. José Pelayo Míguez e o Presidente da Real Academia Galega de Ciencias D. Miguel Ángel Ríos**, asinaron hoxe un Convenio de colaboración entre as dúas entidades con fin de contribuír na difusión social da ciencia en Galicia e a súa aproximación ao sector produtivo galego, en orde a mellorar a súa competitividade a través da innovación científica e tecnolóxica. [18/09/14]





- **Olimpiada Iberoamericana de Biología 2014 (OIAB 2014).** Os representantes españoles obtiveron dúas medallas de ouro, unha de prata e unha de bronce na OIAB



2014 celebrada a semana pasada en Mexico. O representante galego Álvaro Ortega González, do Colexio Internacional Eiris de A Coruña, obtivo unha medalla de bronce. Parabéns para Álvaro e para todos os que contribuíron a este éxito! [\[Ver nova\]](#)

[15/09/14]

- **Fundación Biodiversidad.** Presentouse o 15 de xullo a documentación referida ao Proxecto Planificación Urbanística Sostenible como Herramienta para la Mejora de la Calidad Ambiental Municipal, dentro da convocatoria 2014 para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, mariña e litoral. Quede constancia do agradecemento do Colexio á colexiada que aportou o seu esforzo para a redacción da proposta. [18/07/14]

- **Olimpiada Internacional de Biología.** Os representantes españoles obtiveron tres medallas de bronce e unha mención de honra na Olimpiada Internacional de Biología (IBO 2014) celebrada a semana pasada en Bali (Indonesia). Unha das medallas foi para Flor Andrea Alonso Soret, do IES María Soliño de Cangas do Morrazo. Parabéns para Flor e para todos os que contribuíron a este éxito! [\[Ver noticias\]](#) [15/07/14]



Fuente: OEB

- **O Conselleiro de Cultura e Educación Xesús Vázquez Abad** recibiu aos Gañadores Galegos da Olimpiada de Biología de Zaragoza. Flor Alonso e Álvaro Ortega xunto co Decano do Colexio D. Pelayo Míguez, antes dos seus viaxes as Internacionais en Bali e México [\[Ver nova\]](#) [18/06/14]



- **¿Debemos apagar la wifi de noche?.** Los científicos invocan el principio de precaución con las radiaciones del teléfono o del «router»; algunos piden además su retirada de los colegios. [\[La Voz de Galicia\]](#) [09/06/14]



- O pasado 16 de maio tense celebrado o **Día do Biólogo**, á cita, estaban convidados especialmente aqueles colexiados que levan 25 anos no Colexio, que teñen sido obxecto de recoñecemento pola súa ininterrompida pertencencia a él. Entre eles, a Conselleira do Medio Rural e do Mar, D^a Rosa Quintana que falou no nome dos homenaxeados. Este ano ademais, entregouse a distinción de Bióloga do Ano a D^a Mercedes Casal, anterior decana do COBGA, en atención á súa dedicación e esforzo constantes durante os anos que exerceu a responsabilidade de dirixir esta institución, en favor do seu progreso así como do recoñecemento social e defensa dos intereses da profesión de Biólogo en Galicia. Por outra banda premiouse como Empresa do Ano a Frinsa del Noroeste, S. A. en atención á súa traxectoria no ámbito da alimentación, as súas actividades de mecenado a prol da investigación científico-técnica e pola súa implicación na instauración de selos de calidade ambiental, desenvolvemento sostible e responsabilidade social corporativa. [\[Fotos\]](#) [\[Nota de Prensa\]](#) [16/05/14]



- A **Xornada de Actividades Profesionais** do pasado 28 de abril na **Facultade de Bioloxía da USC** contou coa presenza de D. Miguel Angel Rodriguez Diaz, Vicedecano da Facultade de Bioloxía da USC; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; D. Roberto Carlos Alonso Ferro, Xerente do Clúster Alimentario de Galicia; D^a. Marta Arenas Romasanta, Socia Directora de Alvariza; D^a María Estévez Forneiro, Directora General Olei Aceite Gallego; D^a M^a Teresa Silva Rivera, Responsable de Calidade do Banco de Tecidos Musculoesqueléticos. [28/04/14]



- O pasado 30 de abril tivo lugar a Xunta Xeral Ordinaria, prevista nos Estatutos. [30/04/14]
- A **Xornada de Actividades Profesionais** do pasado 28 de abril na **Facultade de Bioloxía da USC** contou coa presenza de D. Miguel Angel Rodriguez Diaz, Vicedecano da Facultade de Bioloxía da USC; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; D. Roberto Carlos Alonso Ferro, Xerente do Clúster Alimentario de Galicia; D^a. Marta Arenas Romasanta, Socia Directora de Alvariza; D^a María Estévez



Forneiro, Directora General Olei Aceite Gallego; D^a M^a Teresa Silva Rivera, Responsable de Calidade do Banco de Tecidos Musculoesqueléticos. [28/04/14]

- A **Xornada de Actividades Profesionais** do pasado 22 de abril na **Facultade de Bioloxía da UVIGO** contou coa presenza de D.



Jesús Manuel Míguez Miramontes, Decano da Facultade de Bioloxía da UVIGO; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; D. Gustavo Cochón Rodríguez, Socio de Teixugo S. Coop., Educación Ambiental e Interpretación do Patrimonio; D. Jorge Luis García López, Biólogo molecular en Xenotechs Laboratorios; D^a Andrea Gradán

Presedo, Bióloga, AGP Consultoría e Formación; D. José Manuel Martínez Yriarte, Doutor en Bioloxía, FEA en Bioquímica Clínica e Responsable da Unidade de Patoloxía Molecular do Servizo de Anatomía Patolóxica do CHUVi. A ela asistiron 30 alumnos.

[22/04/14]

- A **Xornada de Actividades Profesionais** do pasado 4 de abril na Facultade de Ciencias da UDC contou coa presenza de D.

Andrés Martínez Lage, Vicedecano da Facultade de Ciencias da UDC; D. Andrés Pilas Pérez, Vocal do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e Director de Negocios e Socio Fundador, AMBICAL Proyectos; D^a Leticia Gutiérrez Becker, Doutora en Bioloxía, Xerente de Micea, S.L.; D. Antón Vizcaíno Hermida, Technical Manager, AllGenetics e David



Velasco, Especialista en Microbioloxía e Parasitoloxía, CHUAC. A ela asistiron 55 alumnos. [04/04/14]

- **IX Olimpiada Española de Biología Zaragoza 2014.** O pasado 20 de marzo clausurouse a IX Olimpiada Española de Biología,



que tivo lugar en Zaragoza. Nesta ocasión, Galicia ten obtido uns resultados óptimos:

- A gañadora entre os catro primeiros clasificados, que serán os representantes na XXV Olimpiada Internacional de Bioloxía a celebrar en Bali (Indonesia) en xullo de 2014, é Flor Alonso (IES María Soliño de Cangas do Morrazo).

- O gañador entre os catro segundos clasificados, que serán os representantes na VIII



Olimpiada Iberoamericana de Bioloxía a celebrar en Méjico en setembro de 2014, é Álvaro Ortega (Colegio Eirís de A Coruña). [29/03/14]

- **Entrevista co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (20 de febreiro).** O Decano do Colexio e o Delegado da Olimpiada Española de Biología, D. Pedro Nozal trataron co Sr. Conselleiro e outros altos cargos, a proposta de sinatura dun convenio de colaboración para a organización da Fase Autonómica Galega da Olimpiada. [13/03/14]

- **Acqua Training Profesional: Intro Técnica Módulos Especializados (19 de febreiro).** Na Aula 1 da Facultade de Bioloxía da USC o Coordinador do proxecto formativo, D.



Carlos Temperán explicou aos asistentes as características principais dos módulos que compoñen o Acqua Training: Acuariofilia Empresarial, Investigación Acuariolóxica, Cría Ornamental e Acuarioloxía Profesional. Unha ducia de interesados asistiu á exposición. [20/02/14]

- **Presentación Acqua Training Profesional (5 de febreiro).** No Salón de Graos da Facultade de Bioloxía da USC presentouse esta Plataforma de formación continua en todos os sectores tecnolóxicos de tratamento da auga, que ten por obxectivo formar aos interesados nas tecnoloxías acuariolóxicas de recirculación de auga en instalacións de acuarioloxía e acuicultura. Interviron a Decana da Facultade, D^a M^a Luz González, o Decano do Colexio, D. Pelayo Míguez, o Director do Instituto de Acuicultura da USC (onde se desenvolverán as actividades teóricas e prácticas) D. José Luis Sánchez e o Coordinador do Programa, D. Carlos Temperán, que explicou os módulos especializados que configuran o programa. Asistiron arredor de 20 persoas. [06/02/14]



- **Programa Empleaverde 2014.** Presentouse o 20 de xaneiro a documentación referida ao Proxecto "**Bioeconomía a partir de la Biomasa**", dentro da convocatoria da Fundación Biodiversidad. Quede constancia do agradecemento do Colexio ao colexiado que ten feito a proposta presentada. [20/01/14]



- **A IX Olimpíada de Bioloxía - Fase Galega**, celebrouse en Santiago (Facultade de Bioloxía), o venres, día 17 de xaneiro. Nela participaron 106 alumnos de 33 centros de toda Galicia. Os gañadores foron: Flora Andrea Alonso do IES María Soliño de Cangas do Morrazo, Álvaro Ortega do Colexio Eirís da Coruña e Joaquín Vila do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Os tres gañadores da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, a celebrar en Zaragoza do 26 ao 29 de marzo de 2014. [\[Fotos\]](#) [\[Prensa\]](#) [17/01/14]
- **O COBGA adhírese ao "Manifiesto de la iniciativa ciudadana europea (ICE) sobre la radiación electromagnética"**. [\[Ver Manifiesto\]](#) [08/01/14]

Noticias colexiais 2013

- **Plan Sectorial de Turismo de Naturaleza y Biodiversidad 2013-2020 (11 de novembro)**. Envíanse ao Consejo General de Colegios de Biólogos as consideracións do COBGA ao texto proposto polo MAGRAMA: o alcance do proxecto límitase á superficie da Red Natura 2000; algúns dos datos que se proporcionan datan de 2006 e 2001 e deberían revisarse para tomar decisións sobre datos actualizados; non se indica a cantidade necesaria para a posta en marcha do Plan e este factor é crucial para garantir a súa viabilidade. [18/11/13]

- **Reunión cos Decanos das facultades de Galicia (27 de setembro)**. O Decano do



Colexio e os vogais Mercedes Casal, Pedro Pablo Gallego e José M. Martínez reuníronse na nosa sede coa Decana da Facultade de Bioloxía da USC, D^a M^a Luz González Caamaño, o Decano da Facultade de Bioloxía da Uvigo, D. Jesús M. Míguez Miramontes e o vicedecano de infraestruturas da Facultade de Ciencias da UDC, D. Federico Pomar Barbeito para estudar novas formas de colaboración entre as

facultades e o Colexio en favor da formación dos alumnos de Bioloxía da nosa comunidade. [30/09/13]

- **Sinatura convenio Escuela de Negocios Novacaixagalicia (29 de xullo)**. O Decano do Colexio e o Director da Escuela, D. Eduardo García Erquiaga, asinaron o convenio polo que os colexiados do COBGA gozarán de condicións económicas especiais nos programas de formación que organiza esta entidade. [\[Foto1\]](#) [\[Foto2\]](#)





- **Xornada sobre a Lei de Servizos Profesionais (19 de xullo).** Celebrouse en Santiago,



organizada pola Unión Profesional de Galicia. O COBGA tomou parte por medio dunha ponencia presentada por Pere Camprubí i García, Presidente do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos, titulada "La ley de Servicios Profesionales, ¿oportunidad o coartada?". Asistiron á xornada o Decano, Pelayo Míguez e a Vogal M^a Mercedes Casal, anterior Decana. [Neste vínculo](#) podedes atopar a

información completa, ponencias incluídas. [29/07/13]

- **Sinatura convenio coa UDC (28 de xuño).** O Decano do Colexio asinou co Reitor da Universidade da Coruña, D. Xosé L. Armesto, un convenio marco de colaboración entre as dúas entidades para realizar actividades e proxectos de forma conxunta como actividades formativas, apoio a investigadores e estudantes, intercambio de publicacións, prácticas de estudantes e traballos fin de máster, elaboración de plans de estudos, etc. [08/07/13] [\[Foto1\]](#) [\[Foto2\]](#)



- **Entrevista coa Conselleira do Medio Rural e do Mar, D^a Rosa Quintana (14 de xuño).** Participaron o Decano D. Pelayo Míguez, a Vocal D^a Mercedes Casal. Tratáronse asuntos de mutuo interese incluídas as preocupacións do colectivo sobre as materias da súa competencia. [14/06/13]

- O Decano D. José Pelayo Míguez Baños participou no **acto de Licenciatura** da derradeira promoción da Licenciatura en Bioloxía da Universidade de Vigo.



[14/06/13] [\[Ver Fotos\]](#)



- O Decano D. José Pelayo Míguez Baños participou no **acto de Graduación** da primeira promoción do Grao en Bioloxía da Universidade de Vigo [7/06/13] [\[Ver Fotos\]](#)



- **Químicos, físicos, biólogos y geólogos gallegos** advierten posible "discriminación" en la Ley de Servicios Profesionales. [29/05/13] [\[Ver Nova\]](#)
- **Proposta de decreto do plan de recuperación e conservación do Oso pardo (Resolución 12 de marzo)**. O Colexio remitiu as súas alegacións á Dirección Xeral de Conservación da Natureza en relación con este plan. [24/05/13]

- **O pasado xoves día 16 de maio pola tardiña, no Pazo de Adrán (Calo-Teo), o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia celebrou o primeiro Día do Biólogo**, ocasión para o encontro dos profesionais da Bioloxía en Galicia. Asistiron medio cento deles, dos que



aproximadamente a metade levaban máis de 25 anos colexiados. O Decano, José Pelayo Míguez, presentou o acto e fixo público o recoñecemento e gratitude do Colexio a estes compañeiros, que recibiron un diploma e un pin conmemorativo. A continuación entrevistou Amancio Landín, primeiro delegado do Colexio en Galicia en representación dos homenaxeados e de seguido ofreceuse un cóctel de

confraternidade. [16/05/13] [\[Ver Fotos\]](#) [\[Prensa\]](#)

- **A Xornada de Actividades Profesionais do pasado 23 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da USC** e contou coa presenza de D^a M^a Luz González Caamaño, Decana da Facultade de Bioloxía da USC; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; D. Roberto Carlos Alonso Ferro, Xerente do Clúster Alimentario de Galicia; D. José Gómez Rial, F.E. en Inmunoloxía no Hospital Clínico Universitario Santiago de Compostela; D. José Antonio Gómez Serramito, Biólogo, Responsable de





Formación de SANEA; D^a Raquel Núñez López de Vicuña, Bióloga. Responsable de Medio Ambiente de Ela Ingeniería y Medio Ambiente. A xornada contou coa asistencia de 28 alumnos. [23/04/13]

- **O pasado venres, 19 de abril, celebrouse a Xornada Técnica Medición e Certificación da Pegada de Carbono: Factor Clave da Diferenciación e Competitividade nas Organizacións**, na Sede do FEUGA (Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Vida) en Santiago de Compostela. A Xornada foi presentada por D. Francisco Javier Pereiro



Pérez, Director General de FEUGA; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo, Presidente de ENVITE, Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente, organismos coorganizadores da actividade xunto con OCA Instituto de Certificación (OCA Cert). Os relatores foron D. Vicente Pérez-Muñuzuri, Subdirector

Xeral de Meteoroloxía e Investigación, da CMATI; D. Gumersindo Feijoo, Catedrático de Enxeñería Química da USC; D. Rubén Jiménez, Xerente de Consultoría Software ambiental Solid Forest, S.L.; D. Francisco Javier Moya, Director de Calidade de OCA Instituto de Certificación (OCA Cert); D^a María Agrafojo, Responsable de Calidade e Marketing de Chimeneas Agrafuego S.L; D^a Cristina Vázquez, Responsable de Operacións da Bodega Os Cipreses e D. Lucio García, Responsable de Proxectos do Centro Tecnolóxico da Carne-CTC. Actuou de Moderadora D^a Carmen M^a Fernández, Delegada en Galicia de OCA Cert. A Xornada contou coa asistencia dun total de 90 profesionais interesados/as no ámbito da Pegada de Carbono. [22/04/13] [\[Descargar folleto informativo\]](#)

- **Na Facultade de Bioloxía da UVIGO a Xornada de Actividades Profesionais celebrouse o 17 de abril.** Nela interviñeron D.



Jesús Manuel Míguez Miramontes, Decano da Facultade de Bioloxía da UVIGO; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; Julio Eiroa, do Departamento de I+D en Ecocelta; José M. Martínez, Facultativo Especialista de Área de Patoloxía Molecular no CHUVI; D. Miguel Ángel Fernández Martínez, Biólogo Consultor

medioambiental e M^a Corina Porro, de Tecnoloxía Analítica en ANFACO. Participaron na xornada 25 alumnos. [17/04/13]



- **A Xornada de Actividades Profesionais do pasado 16 de abril na Facultade de Ciencias da UDC** contou coa presenza



de D. Andrés Martínez Lage, Vicedecano da Facultade de Ciencias da UDC; D. José Pelayo Míguez Baños, Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; Nuria Matos, Consultora en CEIMA Ingeniería, S.L; Enrique Pena, Consultor Asociado de PFS GRUPO e David Velasco, Especialista en Microbioloxía e Parasitología, CHUAC. A ela asistiron 61 alumnos. [16/04/13]

- **Confederación de Sociedades Científicas de España.** O 27 de marzo o Decano envioulle ao Presidente do Goberno a adhesión do COBGA á carta de data 27 de febreiro do Presidente da COSCE solicitándolle a súa intervención urxente para cambiar a tendencia á degradación das políticas españolas de I+D+i. [04/04/13] [\[manifiesto COSCE\]](#)

- **Reconocimiento como especialistas en Genética Humana/Clínica.** En relación a la petición del CGCOB del reconocimiento como especialistas en Genética Humana/Clínica por parte de la Unión Europea, exponemos la pregunta que el eurodiputado Ramón Tremosa i Balcells, del Grupo de la Alianza de los Demócratas y Liberales por Europa, ha formulado al Parlamento Europeo, en una estrategia del CGCOB para defender la profesión de Biólog@ en Europa. [04/04/13] [\[Pregunta\]](#)

- **Acto de Toma de Posesión do novo Decano e Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA).** O COBGA convocou eleccións á súa Xunta de Goberno o pasado 21 de decembro.



Despois do conseguente proceso electoral, o novo equipo de goberno electo, tomou posesión do seu cargo o 15 de febreiro. [22/02/13]

- **O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia representado polo seu Xerente** asistiu ao I Encontro Ibérico sobre Bioeconomía y Encontro de Biólog@s Ibéric@s. Celebrado onte 24 de xaneiro en Badajoz e organizado polo Colegio Oficial de Biólogos de Extremadura. [25/01/13] [\[Ver\]](#)



- **VIII Olimpíada de Bioloxía- Fase Galega.** Celébrase o día 11 de xaneiro na Facultade



de Ciencias da Universidade da Coruña. Nela participaron máis de 100 estudantes de 34 centros de secundaria da nosa com unidade, os gañadores foron: Alberto Rama Fernández, Fernando Castro Prado e Paula Rodríguez Rivas, os tres do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Os tres gañadores da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, a celebrar en Madrid. [11/01/13]

Noticias colexiais 2012

- **Radiacións electromagnéticas non ionizantes (4 de maio).** Este asunto de especial relevancia motivou o envío á Conselleira de Sanidade, e aos Conselleiros de Medio Ambiente e de Educación dun escrito instando a adoptar o principio de precaución definido na Lei Xeral de Saúde Pública, e solicitando a realización de campañas de concienciación á poboación en xeral e aos máis expostos polo seu traballo en particular sobre o perigo da exposición ás REMNI (antenas de telefonía móbil e redes inalámbricas) e tomar medidas nos centros educativos para protexer aos máis pequenos, moito máis sensibles á exposición. [06/08/12]

- **Seminario sobre la prueba pericial (7 de xuño).** Organizado pola Unión Profesional de Galicia, nel participou como ponente o noso compañeiro Juan L. Barja na mesa redonda El papel de los profesionales en la prueba pericial.

[13/06/12] [\[dossier prensa\]](#) [\[Ponencias\]](#)



- **Mesas de participación pública BIOS.** O Colexio participou o día 22 de maio na Consellería de Medio Ambiente, T. e I. na consulta previa á elaboración do Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.) incluído no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría "En perigo de extinción". Tamén fixo as súas aportacións o día 23 na consulta relativa á pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) incluída na categoría "Vulnerable", e á escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica* Steinbacher), na categoría "En perigo de extinción".

[06/06/12]



- **Entrevista co Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (11 de xuño).** Participaron a Decana, o Tesoureiro e o Xerente. Tratáronse asuntos de mutuo interese incluídas as preocupacións do colectivo sobre as materias da súa competencia. [06/06/12]

- **Entrevista co Director Xeral de Conservación da Natureza (11 de maio).** Asistiron a Decana e o Tesoureiro para tratar asuntos xerais de interese común, e se lle expuxeron as principais preocupacións do colectivo sobre as materias competencia da Dirección Xeral. [16/05/12]

- **Propostas de decretos de plans de recuperación e conservación (11 de maio).** O Colexio remitiu as súas alegacións á Dirección Xeral de Conservación da Natureza en relación co plan de recuperación do sapoconcho común e da escribenta das canaveiras e co plan de conservación da pílara das dunas. [16/05/12]
- **Entrevista coa Conselleira do Medio Rural e do Mar (3 de maio).** Asistiron a Decana, o Vicedecano e o Tesoureiro para tratar asuntos xerais de interese común, e se lle expuxeron as principais preocupacións do colectivo sobre as materias competencia da Consellería. [11/05/12]



- **Na Facultade de Bioloxía da UVIGO a Xornada de Actividades Profesionais celebrouse o 26 de abril.** Nela interviñeron M^a Cristina Arias, Decana da Facultade de Bioloxía da UVIGO; M^a Mercedes Casal, Decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; Luis A. Navarro, Profesor da Facultade de Bioloxía da UVIGO; Julio Eiroa, do Departamento de I+D en Ecocelta; Mercedes Olmedo, do IEO-PNMT Illas

Atlánticas; José M. Martínez, Facultativo Especialista de Área de Patoloxía Molecular no CHUVI e M^a Corina Porro, de Tecnoloxía Analítica en ANFACO. Participaron na xornada 35 alumnos. [26/04/12]

- **A Xornada de Actividades Profesionais do pasado 25 de abril na Facultade de Ciencias da UDC** contou coa presenza de Horacio Naveira, Decano da Facultade de Ciencias da UDC; M^a Mercedes Casal, Decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; Fernando Iglesias, Responsable de Calidade en Hijos de Rivera, S.A.; Nuria Matos, Consultora en CEIMA Ingeniería, S.L; Enrique Pena, Consultor Asociado de PFS GRUPO



e David Velasco, Especialista en Microbioloxía e Parasitoxía no Hospital Lucus Augusti. A ela asistiron 42 alumnos. [26/04/12]

- **Biólogos expertos en diferentes áreas explicaron o pasado 18 de abril na Facultade de Bioloxía da USC** os múltiples campos nos que podemos traballar.

Participaron Miguel Angel Rodríguez, Vicedecano da Facultade; M^a Mercedes Casal, Decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia; Irma Moreno, especialista en seguridade alimentaria; José Gómez, especialista en Bioquímica Clínica no CHUS e Marta Arenas, técnica ambiental en Alvariza. A xornada contou coa asistencia de 82 alumnos. [18/04/12]



- **Incendios forestais II.** Remítese carta ao Director do Parque Natural das Fragas do Eume ofrecendo a axuda dos biólogos expertos en incendios xunto con copia do escrito antes aludido. [09/04/12]

- **Incendios forestais I.** Visto o sucedido nas Fragas do Eume e outros espazos nesta primavera, se lles envía ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, á Conselleira do Medio Rural e do Mar, ao Director Xeral de Conservación da Natureza e ao Secretario Xeral de Montes e Medio Rural un escrito lembrando que entre os biólogos existen moitos expertos en incendios forestais tanto no referido ao seu impacto ambiental como a adopción de medidas de prevención, educación e técnicas de restauración e amosando a disposición do Colexio a colaborar no que corresponda coa Administración competente. [04/04/12]

- **Especies exóticas invasoras.** Envíase escrito ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas lembrando a ameaza real e inmediata que supoñen estas especies para a biodiversidade e a economía de Galicia e solicitando que se desenvolvan e apliquen aquí os contidos do Real Decreto 1628/2011, que establece os fundamentos normativos e procedimentais para a xestión das EEI. Tamén se solicita desenvolver con urxencia plans de erradicación das especies en fase de expansión temperá, potenciar a Rede de Alerta Temperá, a posta en marcha dos plans de control e erradicación das especies exóticas xa estendidas na nosa comunidade e crear un órgano de discusión, seguimento e mellora da aplicación do Real Decreto 1628/2011. [15/03/12]

- **Carta aberta por la ciencia en España.** O COBGA adheríuse á lista de apoios a este documento, consensuado pola Confederación de Sociedades Científicas de España, a Conferencia de Rectores das Universidades Españolas, a plataforma Investigación Digna, a Federación de Jóvenes Investigadores, CCOO e UGT. <http://www.investigaciondigna.es/wordpress/>
http://www.investigaciondigna.es/wordpress/sociedades_list [14/03/12]



- **Programa Empleaverde 2012.** Presentouse o 31 de marzo a documentación referida ao Proxecto Gestión agrosostenible en la Red Natura 2000 y su entorno, dentro da convocatoria da Fundación Biodiversidad. Quede constancia do agradecemento do Colexio aos colexiados que aportaron o seu esforzo para a redacción da proposta.

[13/04/12]

- **Xornada Técnica: Xestión Enerxética como Nicho de Emprego.** Celebrouse o 5 de marzo no edificio administrativo do Departamento de Emprego do Concello de Santiago de Compostela. O Colexio colaborou na súa organización e contou coa presenza da Concelleira de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego do Concello de Santiago, a decana do COBGA, e representantes de Garrigues Medio Ambiente, INEGA, Kurage Consulting, S.L. e EQA. Foi moderada por Fernando García, Tesoureiro do COBGA e nela participaron 120 persoas.



- **VII Olimpíada de Bioloxía - Fase Galega. Celebrada en Vigo (Facultade de Bioloxía) o 13 de xaneiro.** Os gañadores foron alumnos do Colegio Apóstol Santiago (Vigo), IES Os Rosais 2 (Vigo) e IES Ames (Ames).



Contou coa presenza de Angeles Bernal (CIUG), a decana do COBGA, Mercedes Casal, a decana da Facultade de Bioloxía da USC, M^a Luz González Caamaño, a decana da Facultade de Bioloxía da Uvigo, M^a Cristina Arias, o Decano da Facultade de Ciencias da UDC, Horacio Naveira e Pedro Nozal (coordinador Olimpíada). Os gañadores representarán á

Comunidade Autónoma de Galicia na fase nacional da Olimpíada de Bioloxía a celebrar en Murcia o mes de marzo. [09/03/12]

- **Día Internacional das Mulleres (8 de marzo).** A petición do Concello da Coruña o Colexio fixo unha proposta de mulleres "pioneiras" na súa actividade e nadas ou residentes na cidade. A nosa proposta con toda seguridade favoreceu o premio á Dra. D^a Josefina Méndez Felpeto, Catedrática de Xenética da Universidade da Coruña e con méritos destacados, que foi galardoada ao ser a primeira muller vicerreitora da UDC. Os nosos sinceros parabéns. [08/03/12]
- **Lei de caza de Galicia.** Remítense á Dirección Xeral de Conservación da Natureza as alegacións formuladas ao borrador de anteproxecto da lei. [07/03/12]



- **A Consellería do Mar e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia sumarán esforzos para avanzar na investigación da pesca, o marisqueo e a acuicultura.** A conselleira do Mar, Rosa Quintana, e a decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, Mercedes Casal, asinaron esta mañá un protocolo de colaboración co obxectivo de avanzar na



investigación da pesca, o marisqueo e a acuicultura de Galicia. Con esta sinatura establécense as liñas de colaboración en materia de asesoramento, docencia e investigación destas actividades. A través deste protocolo a Consellería do Mar e o Colexio Oficial de Biólogos colaborarán na realización de accións como proxectos de investigación, estudos, cursos, certames e congresos e na edición de publicacións sobre

temas relacionados coa pesca, o marisqueo e a acuicultura de Galicia. Este protocolo ten unha vixencia dun ano, con posibilidade de prórroga. Esta colaboración pón de manifesto a aposta común da Consellería do Mar e o Colexio de Biólogos de impulsar o labor de investigación das actividades vinculadas ao mar para fomentar unha maior rendibilidade da pesca, o marisqueo e a acuicultura en Galicia. [02/01/12]

Noticias colexiais 2011

- **Proyecto Atlantic Bridges.** O 21 de setembro enviouse escrito ao Director do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia en apoio ao desenvolvemento do proxecto "Programa de acercamiento de la comunidad científica investigadora internacional al PNM-TIAG", promovido pola Universidade de Santiago e para presentar á convocatoria de axudas da Fundación Biodiversidad 2011. [21/09/11]
- **Borrador Plan Director Rede Natura 2000 de Galicia.** O 29 de xullo presentáronse as consideracións do COBGA a este documento, solicitando a ampliación do prazo de participación pública e dispoñer da totalidade da información vectorial e alfanumérica presentada no documento de síntese. O 19 de outubro recibimos a resposta do Director Xeral de Conservación da Natureza, comunicándonos que "aínda poden remitir as aportacións ao Plan que consideren oportunas". Contestámoslle o 20 de outubro solicitando de novo a información aludida, citando a Lei 27/2006, de dereito de acceso á información en materia de medio ambiente.
- **"Propuesta de Proyecto de Plan Hidrológico e Informe de Sostenibilidad Ambiental".** O 13 de xuño de 2011 presentáronse as alegacións formuladas polo COBGA aos documentos do proceso de planificación hidrolóxica correspondente á parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil (BOE nº 305, de 16/12/10). [13/06/11] [\[ver noticia\]](#).
- No BOE do 1 de xuño publícase a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. [03/06/11] [\[ver noticia\]](#).



- O 11 de maio celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago unha **xornada sobre «As actividades profesionais dos biólogos»**, coa participación de 41 estudantes. [12/05/11] [\[ver noticia\]](#).
- O 10 de maio celebrouse na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña unha **xornada sobre «As actividades profesionais dos biólogos»**, á que asistiron 28 alumnos. [11/05/11] [\[ver noticia\]](#) [\[ver referencias na prensa\]](#) [\[ver foto\]](#).
- O 27 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo unha **xornada sobre «As actividades profesionais dos biólogos»**. Expertos en diferentes áreas explicaron os seus respectivos campos de actividade profesional. A xornada contou coa participación de 80 alumnos. [27/04/11] [\[ver noticia\]](#).
- **Xornada técnica sobre a proba pericial**, celebrada en Santiago o 8 de abril. Contén relatorios e unha entrevista ao maxistrado Vázquez Taín. [08/04/11] [\[ver noticia\]](#).
- **Primeira reunión da Comisión de Emprego e Formación**, que supuxo unha toma de contacto dos seus compoñentes e onde se aportaron ideas para futuras actividades de formación e de fomento do emprego. Quedou constancia da gran aceptación da enquisa de necesidades de formación, tanto no relativo á oferta de docentes como aos cursos que se poden organizar. Aproveitamos a ocasión para agradecer aos colexiados, membros da Comisión, a súa asistencia á mesma e as súas aportacións. [18/03/11]
- O mércores 2 de marzo, **a decana, dous vogais da Xunta de Goberno e un membro da Comisión de Pesca do COBGA entrevistáronse coa conselleira do Mar, Rosa Quintana**. Tratáronse diversos temas de interese para as dúas institucións como actividades de formación e difusión relacionadas coa profesión e co ámbito de xestión da consellería. [04/03/11]
- O COBGA asistiu o 1 de marzo en Santiago á presentación, por parte da Unión Profesional de Galicia, da **Guía de peritos xudiciais**. A guía ofrece listados de peritos de diferentes profesións, recolle a regulación da actuación pericial, o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, ademais do directorio das Administracións públicas e dos órganos xudiciais da comunidade. O Colexio aportou datos de biólogos, que confirmaron a súa disposición para intervir como peritos, e agardamos que no futuro se produzan novas incorporacións, posto que a guía actualízase cada ano. [04/03/11] [\[ver noticia\]](#).
- **Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa**. O 18 de febreiro presentáronse no O. A. Augas de Galicia as alegacións do COBGA ao borrador do Plan, sometido a consulta pública no DOG nº 160, do 20/VIII/10. [18/02/11] [\[ver noticia\]](#).